



TÍTULO DAS CANCIÓNS A INTERPRETAR

REXISTRADA NA SGAE

TÍTULO DAS CANCIÓNS A INTERPRETAR	SI	NON
1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR

- Boletín de inscrición debidamente cumprimentado.
- Fotocopia do DNI ou tarxeta de residente polas dúas caras de cada un dos componentes.
- Certificado de empadramento ou acreditación do centro educativo ou empresa do municipio onde estude ou traballe, se procede.
- Autorización da nai/pai, titora/or legal, se procede.
- Fotografía recente do grupo ou cantautor.
- Traxectoria musical do grupo/cantautor ou dos seus componentes.
- Maqueta do grupo/cantautor en disco compacto.
- Título da maqueta e título das cancións.

Santiago, _____ de _____ de 2010

SINATURA

O/a asinante coñece e acepta as bases do Certame e declara que os datos expresados na solicitude son certos.

CONCELLO DE
SANTIAGOConcellaría de
Xuventude e Festas

en lugar e data a determinar polo Departamento de Xuventude do Concello de Santiago. A organización porá a disposición dos finalistas o seguinte *backline*: unha batería completa, dous amplificadores de guitarra, un amplificador de baixo e os equipos de voz para dous vocalistas. As necesidades de *backline* a maiores deberán ser aportadas polo propio grupo participante.

12º Finalizadas as actuacións dos grupos no concerto final, comunicárase publicamente a decisión do xurado sobre os premios establecidos para esta convocatoria.

Premios

13º O Concello de Santiago, por proposta do xurado, concederá os seguintes premios, que poderán declararse desertos e que non poderán ser compartidos:

- **Dous primeiros premios**, un por modalidade, de 2.000 euros cada un.
- **Dous segundos premios**, un por modalidade, de 1.000 euros cada un.
- **Dous terceiros premios**, un por modalidade, de 500 euros cada un.

14º Todos os premios deste Certame quedarán sometidos á correspondente retención en concepto do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, consonte á normativa vixente.

Promoción

15º Coa finalidade de promocionar aos gañadores do Certame, o Departamento de Xuventude poderá requirir dúas actuacións



do primeiro premio, unha do segundo e unha do terceiro, de cada unha das modalidades, que non suporán gasto adicional para os grupos.

16º Todos os participantes no Certame autorizan á organización a reproducir o seu nome, temas, imaxe en calquera outra actividade publicitaria ou promocional relacionada co mesmo.

17º Editarase un disco compacto cos premiados das modalidades convocadas. Con este fin, os artistas cederán os dereitos de reprodución de ditos obras.

18º De conformidade co previsto no art. 5 da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recollidos nas solicitudes de participación ao **Certame MUSICAXOVE'10** serán incorporados e tratados no sistema informático do Departamento de Educación e Xuventude do Concello de Santiago de Compostela, e poderán ser utilizados só a efectos de difusión das actividades organizadas por este Concello, podendo exercer diante do mesmo os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao

Departamento de Educación
e XuventudeRúa do Vilar nº 13, 1º
15705 Santiago de Compostela

www.xuventude.eu

CONCELLO DE
SANTIAGO
Concellaría de
Xuventude e Festas

XU
VENT
UDE

www.xuventude.eu

MUS
ICA
XOVE
TO

3º CERTAME

BASES
CONVOCATORIA

CONCELLO DE
SANTIAGO
Concellaría de
Xuventude e Festas



O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela convoca o **3º Certame MUSICAXOVE'10** co obxectivo de promover, impulsar e canalizar a creatividade musical dos xoves, como unha iniciativa máis nun conxunto de propostas que tratan de poñer en marcha estratexias nesta perspectiva.

Unha vez posto a disposición dos grupos musicais e solistas da cidade un local con dúas salas independentes para ensaios onde contan con material básico para a práctica musical, estamos a desenvolver un labor de promoción e difusión das súas actividades e a realización de concertos, ben organizados por este servizo municipal ou a través de colaboracións con outras institucións, colectivos, salas de concertos, empresas, entre outros axentes; sempre como accións que incidan no obxectivo proposto.

Así mesmo, editamos unha publicación que acolle a un número importante dos grupos que ensaian nos **Locais Municipais de Música para a Xuventude de Compostela**, como un recurso importante para a promoción das bandas que alí teñen o seu punto de encontro e de práctica da música, dirixida e distribuída entre a prensa especializada, departamentos de cultura e de festas dos concellos de Galicia, produtores musicais, salas de música e promotores de concertos.

Agora, nesta liña de apoio á creatividade musical créase este Certame que, ademais de ter como destinatarios aos artistas emerxentes que manteñen a súa actividade en Santiago, ábrese ao intercambio e á ampliación do circuíto, dando cabida a todas aquelas bandas e solistas que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

BASES DA CONVOCATORIA

Normas xerais de participación

1º Poderán participar no concurso todos aqueles grupos ou solistas, con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

2º Inscripcións:

Datas: do 11 de febreiro ao 20 de marzo de 2010

Lugar: Rexistro Xeral do concello de Santiago Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16

Horario: en días laborables de 9 a 14 horas Calquera información complementaria relacionada co **CERTAME MUSICAXOVE'10** pódese consultar:

Centro Xuvenil O Ensanche

Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16
Tel. 981 543 001

dptoxuventude@santiagodecompostela.org

Departamento de Educación e Xuventude

Rúa do Vilar 13, 1º

Tel. 981 554 400

dptoeducacion@santiagodecompostela.org

3º Os participantes non poderán ter ningún disco editado, agás os autoeditados, nin relación contractual con empresas discográficas.

Documentación a presentar

4º Cada grupo ou solista deberá realizar a solicitude no impreso normalizado. Xunto coa devandita solicitude achegarase:

- Boletín de inscrición debidamente cumprimentado.
- Fotocopia do DNI ou tarxeta de residente polas dúas caras de cada un dos compoñentes.

En caso de presentar tarxeta de residente ou de non constar no DNI nacemento ou

domicilio nun municipio galego deberase manifestar por escrito estar empadroado nun municipio galego para a súa posterior comprobación, ou ben, acreditación do centro educativo ou empresa do municipio galego onde estude ou traballe.

No caso de que o participante sexa menor de idade, autorización da nai/pai ou titora/or legal para participar nesta convocatoria, así como para calquera cuestión con ela relacionada.

- Fotografía recente do grupo ou cantautor.
- Traxectoria musical do grupo/cantautor, ou dos seus compoñentes.
- Maqueta en disco compacto, que inclúa dous temas orixinais en letra e música, gravados polo grupo, que serán interpretados no concerto final do Certame. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais, nin as que fosen premiadas noutros certames. A tal efecto entregarase declaración responsable na que quede constancia de que os temas non foron premiados en ningún outro Certame no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes.
- Declaración responsable no que quede constancia de que o grupo non mantén relación contractual permanente ou ocasional con ningunha empresa discográfica.
- No caso de resultar finalista no Certame, cada grupo deberá presentar antes da actuación das finais os seguintes datos:
 1. Número de conta.
 2. Entidade bancaria.
 3. Enderezo fiscal.



Estilos musicais

- 5º** Establécense as seguintes modalidades ás que se adscribirán os participantes:
- Pop-Rock
 - Metal

Admisión ao certame

6º Unha vez revisada a documentación achegada coa solicitude de inscrición, o Departamento de Xuventude do Concello de Santiago publicará, con efecto de notificación, nun prazo non superior a cinco días a contar desde a finalización do período de inscrición estipulado nos taboleiros de anuncios do Departamento de Educación e Xuventude e no Centro Xuvenil O Ensanche:

- Relación de participantes admitidos ao Certame.
- No seu caso, relación de participantes excluídos por incumprimento dalgún dos requisitos, con indicación dos mesmos.
- Deseguido, concederase un prazo de cinco días naturais, a contar desde o seguinte á publicación da lista, para a subsanación das posibles incidencias. Transcorrido dito prazo, procederase á publicación da lista definitiva de participantes admitidos.

Aceptación

7º A participación neste Certame conleva a aceptación total destas Bases e, ata a constitución do xurado, calquera dúbida sobre a interpretación das mesmas será resolta polo Departamento de Xuventude do Concello de Santiago. O participante que presente as súas obras manterá indemne á organización fronte a calquera reclamación de terceiros derivada do exercicio dos dereitos da propiedade intelectual sobre as obras obxecto da presente cesión.

8º A organización poñerá o máximo interese no coidado das obras recibidas, pero declina toda responsabilidade sobre danos ocasionados accidentalmente.



Xurado

9º O xurado do Certame MUSICAXOVE'10 estará composto por especialistas do ámbito da música, e será presidido polo Concelleiro de Xuventude ou persoa en quen delegue, actuando como secretario o Xefe do Departamento de Educación e Xuventude. O xurado valorará a utilización da lingua galega polos participantes, en textos, imaxe corporativa, e en calquera outro elemento promocional de cada grupo ou solista.

10º O fallo do Xurado será público e inapelable. A súa composición darase a coñecer no momento de emitir o fallo. A participación no Certame MUSICAXOVE'10 supón a plena aceptación das Bases, así como a decisión do xurado diante de calquera imprevisto non recollido nas mesmas ou controversia derivada da interpretación destas.

Desenvolvemento

11º O Xurado, previa audición das maquetas presentadas ao Certame, seleccionará como mínimo tres participantes por modalidade que accederán á fase de actuación en directo nun Concerto final onde interpretarán como mínimo os dous temas presentados na maqueta máis dous temas de libre elección,



POP-ROCK METAL

PRESENTA MAQUETA SI NON

NOME DO GRUPO

ESTILO MUSICAL

RESPONSABLE

NIF

SOCIOS DA SGAE

SI NON

TELÉFONOS

CORREO ELECTRÓNICO

DOMICILIO

LOCALIDADE

OUTRA PERSOA DE CONTACTO

TELÉFONOS

Nº COMPOÑENTES DO GRUPO

NOME E APELIDOS

NIF

INSTRUMENTO

NOME E APELIDOS

NIF

INSTRUMENTO

NOME E APELIDOS

NIF

INSTRUMENTO

NOME E APELIDOS

NIF

INSTRUMENTO

NOME E APELIDOS

NIF

INSTRUMENTO